



**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**

REGISTRO XERAL  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 12/02/2014 11:03:31

SAÍDA 13446 / RX 91363



Estimado señor/a,

En relación coa inspección das instalacións eléctricas de baixa tensión e co propósito de dar a maior difusión aos asociados que representas, nas seguintes liñas dou traslado dunha información que na Consellería nos parece fundamental para que os titulares das instalacións eléctricas de baixa tensión afectadas poidan cumprir coas súas responsabilidades e para que estas instalacións cumpran co establecido regulamentariamente, acadando deste xeito un nivel mínimo de seguridade.

Nos artigos 4 e 5 da Orde do 18 de agosto de 2008 pola que se regula o réxime de inspeccións das instalacións eléctricas de Baixa Tensión (DOG 167, 29/08/2008), establécense as periodicidades da inspección regulamentaria de ditas instalacións que de xeito esquemático son as seguintes:

PERIODICIDADE INSPECCIÓN	TIPO DE INSTALACIÓN
5 anos	<ul style="list-style-type: none"> <li>a) Instalacións industriais, talleres e almacéns con potencia instalada superior a 100Kw</li> <li>b) Locais clasificados como mollados con potencia instalado superior a 25Kw</li> <li>c) Locais clasificados con risco de incendio ou explosión, clase I</li> <li>d) Garaxes de máis de 24 prazas, xa sexa ventilación natural ou forzada. Garaxes públicos pechados e cubertos de mais de 5 prazas</li> <li>e) Locais de pública concorrencia correspondentes a locais de espectáculos, actividades recreativas, locais de reunión, traballo e usos sanitarios</li> <li>f) Bibliotecas, centros de ensino, consultorios médicos, establecementos comerciais, oficinas con presenza de público (bancos, seguros, xestorías, etc.), residencias de estudantes, ximnasios, salas de exposicións, centros culturais, clubs sociais e deportivos se a ocupación é superior a 50 persoas</li> <li>g) Todos aqueles locais non recollidos nas alíneas e) e f), se a ocupación é superior a 100 persoas. Nesta alínea inclúense cámpings, salóns de peiteado, salóns de beleza sen clínica, solarios, oficinas sen presenza de público, etc.</li> <li>h) Locais clasificados en condicións BD2, BD3 e BD4 segundo a norma UNE 20460-3; por exemplo os edificios de grande altura</li> <li>i) Instalacións de iluminación exterior de potencia superior a 5 kW</li> <li>j) Quirófanos e salas de intervención</li> <li>k) Piscinas e fontes de potencia superior a 10 kW</li> </ul>
10 anos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instalacións comúns dos edificios de vivendas de potencia total instalada superior a 100 kW</li> </ul>

**As inspeccións periódicas son esixencias regulamentarias e por tanto obrigatorias. Os organismos de control son as entidades habilitadas para a realización destas inspeccións quedando na responsabilidade do titular das instalacións solicitar os seus servizos. Na páxina**



web desta Dirección Xeral poden atopar unha relación dos organismos de control que poden operar en Galicia (<http://economiaeindustria.xunta.es/organismos-de-control-autorizados-ocas>).

A non realización das inspeccións ou a non corrección dos defectos poderíanse cualificar e sancionar como falta grave, de acordo co disposto no título III da Lei 9/2004, do 10 de agosto, de Seguridade Industrial de Galicia, chegando a ordenarse, se for necesario, o corte do subministro eléctrico.

Así mesmo, lémbrese que a modificación, ampliación ou reparación das instalacións eléctricas de baixa tensión é unha actividade regulada, de conformidade co Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e que só poden realizar as empresas instaladoras de baixa tensión habilitadas. Para saber as empresas habilitadas en Galicia, pódese facer unha consulta pública no apartado do Rexistro Industrial da Oficina Virtual de Industria (<http://oficinavirtualindustria.xunta.es>).

Atentamente,

Ángel Bernardo Tahoces

Director Xeral de Enerxía e Minas

Asinado por: BERNARDO TAHOCES ANGEL  
Cargo: Director Xeral de Enerxía e Minas  
Data e hora: 10/02/2014 11:54:23

CVE: 5fe4876d-23e8-4c74-a5df-63956b36ceb  
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>

